

PROGRAMA DE APOIO Á REDE DE ACOLLEMENTO PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO DA PROVINCIA DA CORUÑA

PREÁMBULO

A violencia que se exerce contra as mulleres segue a ser un problema global, que ten as súas raíces na estrutura dos sistemas sociais, nos costumes, nas pautas e valores culturais que asignan ás mulleres unha posición inferior e subordinada na familia, no traballo e na sociedade.

En 1993 a Conferencia mundial de dereitos humanos, que tivo lugar en Viena baixo o auspicio da ONU, recoñece que os dereitos humanos das mulleres e das nenas son parte «inalienable, integrante e indivisible dos dereitos humanos universais». O 20 de decembro do mesmo ano, a Asemblea Xeral da ONU aprobou a Declaración sobre a Eliminación da Violencia cara á Muller», na que recoñece que «a violencia cara á muller constitúe unha manifestación de relacións de poder historicamente desiguais entre o home e a muller, que conduciron á dominación da muller e á discriminación na súa contra por parte do home e impediron o avance pleno da muller, e que a violencia contra a muller é un dos mecanismos sociais fundamentais polo que se forza a muller a unha situación de subordinación respecto do home». O artigo 1.º define, por primeira vez, a violencia cara á muller como «todo acto violento baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se produce na vida pública coma na privada».

Desde que a violencia contra as mulleres deixou de considerarse un problema privado e pasou a definirse como un problema social, foron moitas as medidas activadas para facer fronte a esta realidade. Así aprobáronse as leis estatais e autonómicas innovadoras e de grande importancia en materia de igualdade e de prevención da violencia sexista, activáronse recursos de atención, apoio, protección e prevención, e día a día póñense en marcha medidas e programas que, promovidos por institucións públicas pretenden erradicar estas condutas discriminatorias e violentas. A violencia de xénero segue a ser, por desgraza, un dos retos máis difíciles e importantes aos que se enfronta a nosa sociedade.

O compromiso de todas as administracións debe ser articular unha resposta global e coordinada á problemática da violencia de xénero en calquera das súas modalidades e consecuencias, a través dunha asistencia integral ás mulleres vítimas e ás e aos menores ao seu cargo, así como fortalecer a prevención para avanzar na paulatina redución desta lacra social.

O artigo 48 da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, configura a Rede Galega de Acollemento como unha suma de recursos especializados, residenciais e temporais, que ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e as súas fillas e fillos menores, pois aínda existen numerosos casos nos que é preciso proporcionarlle a estas mulleres un espazo no que instalarse de xeito temporal, xa sexa pola ausencia dun domicilio propio, por razóns de seguridade, ou por esixencias do propio proceso de recuperación.

Actualmente a Rede Galega de Acollemento está formada polos seguintes recursos:

1. A casa de acollida e 2 pisos de transición á vida autónoma da Coruña – *Xestión Municipal*
2. A casa de acollida de Ferrol - *Xestión Municipal*
3. A vivenda tutelada de Culleredo - *Xestión Municipal*
4. Os pisos de acollida de Lugo - *Xestión Municipal*
5. A casa de acollida de Ourense - *Xestión Municipal*
6. O centro de emerxencia de Vigo - *Xestión Autonómica*

No ano 2014, en Santiago de Compostela créase o Centro de Recuperación Integral para as mulleres que sofren violencia de xénero, ao abeiro do recollido no artigo 49 da Lei 11/2007, galega para a prevención e tratamento da violencia de xénero. Este centro desenvolve un modelo de atención integral, baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico. Así mesmo, este centro funciona como centro de coordinación da Rede Galega de Acollemento, e dende o 15 de xuño de 2016 pon en marcha un protocolo de acceso á Rede Galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero.

ANTECEDENTES E COMPETENCIAS

A Deputación da Coruña colabora anualmente, desde o ano 1992, cos concellos da Coruña e Ferrol, e desde o ano 1993, co concello de Culleredo a través dun convenio no mantemento nos diferentes recursos de acollida dirixido a mulleres en situación de violencia de xénero e persoas que delas dependan, reservando un número de prazas en cada recurso para aquelas mulleres que acceden desde concellos da provincia diferentes ao da titularidade do recurso.

Co concello de Santiago de Compostela iniciouse a colaboración no ano 1995 para o mantemento e reserva de prazas na casa de acollida pero esta terminou no ano 2008 polo peche do recurso, xa que lle cederon á Xunta de Galicia as instalacións para a creación do Centro de Recuperación Integral para mulleres que viven situacións de violencia de xénero.

Competencias e lexislación vixente

- A Constitución española, no seu artigo 14, proscribe toda discriminación por razón de sexo e, no artigo 9.2, consagra a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade do individuo e das agrupacións en que se integra sexan reais e efectivas.
- O Estatuto de Autonomía de Galicia establece no seu artigo 4.2, que lle corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos e as galegas na vida política, económica, cultural e social.
- Na Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da administración local, recolle no art. 25 onde se refire a materias, e non a competencias municipais propiamente ditas; "O municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:.....e) Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social"; así mesmo, o art. 36.1.c) establece como competencias propias das deputacións "A prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal", e no apartado d) "A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social... de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito".
- A ORDE do 1 de abril de 1997 regula os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, no artigo 1, dedicado ao obxecto, recolle que esta ten por obxecto o desenvolvemento do Decreto 243/1995, do 28 de xullo, que regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servizos sociais, no relativo aos requisitos específicos que deben reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, así como as prestacións mínimas que deben ofertarlles ás usuarias para que se autorizase o seu funcionamento. Nos artigos 2 e 3 define conceptos e tipos.
- A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero recoñece un feito diferencial de xénero; recolle no artigo 19, co título « Dereito á asistencia social integral», que « as mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollemento e de recuperación integral. A organización destes servizos por parte das comunidades autónomas e das corporacións locais responderá aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e multidiscipliniedade profesional».
- A Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, no art. 48.1 establece que "Os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero".
- A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, no art. 62º establece que "Os concellos poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente" e no art. 63º que "As deputacións provinciais, de conformidade co establecido na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais..." Estes servizos sociais comunitarios regúlanse nos art. 9º e seguintes da devandita lei.

- O Decreto 99/2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, no art. 26.a) establece entre as funcións dos servizos sociais comunitarios específicos "A xestión de centros de inclusión e emerxencia social tipificados regulamentariamente, tales como albergues, centros de acollida, comedores sociais, centros de atención continuada e centros de día de inclusión social".

DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA DE APOIO Á REDE DE ACOLLEMENTO PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO DA PROVINCIA DA CORUÑA.

O programa provincial de apoio á rede de acollemento está baseado, principalmente, na colaboración económica e técnica que a Deputación da Coruña, desde o ano 1992, presta a través do financiamento para o mantemento e reserva de prazas nos recursos de acollida da provincia da Coruña.

A Deputación da Coruña asina anualmente un convenio de colaboración cos concellos da Coruña, Ferrol e Culleredo para o mantemento xeral, que inclúe gastos de persoal e gastos correntes, dos recursos de acollida para mulleres en situación de violencia de xénero, que supón a reserva de prazas para mulleres e persoas que delas dependan, en situación de violencia de xénero, que proveñen de concellos diferentes ao da titularidade do recurso.

TIPOLOXÍA DOS RECURSOS E TEMPOS DE PERMANENCIA:

As casas de acollida para mulleres (CAM) son un recurso especializado de carácter residencial e temporal que ofrece acollida, atención e recuperación ás mulleres e, no seu caso, ás persoas que dependen delas. O tempo de permanencia neste centro non será superior a tres meses, pode establecerse unha prórroga por un período igual en circunstancias excepcionais.

A vivenda tutelada é un fogar alternativo que dará acollida, preferentemente, a mulleres procedentes de casas de acollida, e que serve de ponte até a normalización da súa situación persoal e familiar. O tempo de permanencia non poderá ser superior a un ano.

Os dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma son un recurso especializado de carácter residencial e temporal que posibilitan oportunidades de axuste persoal e incorporación sociolaboral ás mulleres e, no seu caso, persoas que dependen delas. O tempo de permanencia non poderá ser superior a un ano.

O número de prazas conveniadas no marco do programa son:

CONCELLO TITULAR	RECURSO DE ACOLLIDA	Nº DE PRAZAS CONVENIADAS	Nº DE PRAZAS TOTAIS
A CORUÑA	CASA DE ACOLLIDA (CAM)	7	15
	PISO INCLUSIÓN E TRANSICIÓN Á VIDA AUTÓNOMA (PITVA)	2	11
FERROL	CASA DE ACOLLIDA (CAM)	3	15
CULLEREDO	VIVENDA TUTELADA	3	7
TOTAL		15	48

A Deputación provincial financia un total de 15 prazas, das 48 que existen na provincia da Coruña, para mulleres en situación de violencia de xénero e persoas que delas dependan.

A Deputación financia o 33,3% das prazas nas casas de acollida, o 42,8% das prazas na vivenda tutelada e o 18,18% das prazas nos pisos de inclusión e transición á vida autónoma.

Na provincia da Coruña atópanse 4 dos 7 recursos de acollida de Galicia (sen contar co Centro de Recuperación Integral de Santiago) que forman a Rede Galega de acollemento.

A Deputación da Coruña, a través destes convenios de colaboración, financia un total de 5.475 estadías, entendendo estadías como nº de prazas por 365 días/ano, a casa de acollida da Coruña financia 2.555 estadías, nos pisos de inclusión e transición á vida autónoma, 730 estadías e 1095 estadías na casa de acollida de Ferrol e outras tantas na vivenda tutelada de Culleredo.

A nivel técnico, a colaboración céntrase en fomentar a coordinación interinstitucional entre os centros que conforman a Rede Galega na provincia da Coruña, o Centro de Recuperación Integral (CRI) e os concellos ou entidades derivantes de usuarias aos centros de acollida.

Para garantir a non duplicidade de recursos, simplificar o proceso de acceso e axilizar os procedementos de ingreso, o programa de apoio á rede de acollemento de mulleres en situación de violencia de xénero

da provincia da Coruña, tecnicamente réxese polo marco do Protocolo de acceso á Rede Galega de acollemento para mulleres da Xunta de Galicia.

O programa provincial de apoio á rede de acollemento conta cun proceso técnico de seguimento de casos, a través do cal, en colaboración cos recursos de acollida da provincia da Coruña e/ou co concello de procedencia, de ser o caso, promoverase o desenvolvemento do proxecto de traballo de recuperación individual de cada muller acollida e persoas da que dela dependan. Este proceso técnico de seguimento de casos levarase a cabo a través de reunións trimestrais, no caso das Casas de Acollida, semestrais no caso da Vivenda tutelada e os Pisos de Inclusión e Transición á vida autónoma, convocarase cunha semana de antelación á dirección de cada recurso e ao persoal técnico (educadora social, traballadora social) de cada centro.

Anualmente, avaliaranse os resultados e elaborárase un informe anual de resultados. Así mesmo, unha vez finalizada a vixencia do convenio elaborárase un informe cuatrianual de resultados.

O programa provincial contará cunha comisión de seguimento, formada por unha persoa responsable a nivel de servizo/sección do convenio e unha persoa responsable da dirección de cada recurso, que se reunirá semestralmente co persoal responsable a nivel provincial do programa para favorecer a coordinación e tomar os acordos que se consideren necesarios. Esta comisión convocarase cunha semana de antelación.

OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS

Xerais

- Colaborar no financiamento do mantemento xeral dos recursos de acollemento de mulleres en situación de violencia de xénero da provincia da Coruña.
- Garantir a reserva de prazas a mulleres e persoas que delas dependan, que veñan de concellos diferentes ao da titularidade do recurso onde ingresa.
- Apoiar tecnicamente o persoal dos recursos de acollida
- Garantir a consecución de obxectivos no desenvolvemento do proxecto de recuperación individual a nivel físico, psíquico e de participación social, das mulleres en situación de violencia de xénero e persoas que delas dependan.
- Fomentar a colaboración interinstitucional entre a Rede Galega de Acollemento, Centro de Recuperación Integral, concellos e entidades derivantes a través do cumprimento do Protocolo de acceso a Rede Galega de acollemento e do procedemento do programa provincial.

Específicos

- Establecer canles de coordinación interinstitucional.
- Reducir a burocratización de ingreso de mulleres acollidas nos recursos da provincia, empregando o protocolo de acceso á rede galega da Xunta de Galicia.
- Levar a cabo un seguimento trimestral ou semestral dos casos, para garantir e apoiar o proxecto de recuperación individual das mulleres e das persoas que delas dependan.
- Crear unha comisión de seguimento do convenio para coordinar accións e resolver incidencias.

DESTINATARIOS/AS

O programa provincial de apoio á rede de acollemento de mulleres en situación de violencia de xénero ten como destinatarios principais os concellos da provincia, xa que coa reserva de praza nos recursos de acollida garante a posibilidade de ingreso daquelas mulleres en situación de violencia de xénero, e persoas que delas dependan, que veñen de concellos diferentes ao da titularidade do recurso de acollida.

Requisitos de acceso das usuarias dos recursos:

- Muller, e persoas que dela dependan, que acredite ser vítimas de violencia de xénero, nos termos establecidos no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Muller, e persoas que dela dependan, que procedan doutro concello diferente ao da titularidade do recurso solicitado.

PROCEDEMENTOS E COORDINACIÓN (RESUMIDO)

O procedemento para xestionar a reserva de prazas no Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero, na provincia da Coruña, levarase a cabo do seguinte xeito.

A) TRAMITACIÓN DE INGRESO

Seguirase para a tramitación de ingreso aos recursos o protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero, da Xunta de Galicia, que entrou en funcionamento desde o 15 de xuño de 2016.

Unha vez que a usuaria ingresa no recurso que tramitou o centro coordinador (Centro Recuperación Integral –CRI), nos prazos e forma establecido, seguiranse os seguintes pasos:

1º A dirección do recurso de acollida remitirá a comunicación de ingreso (anexo I) xunto cunha copia do expediente (anexos do protocolo da Xunta ou expediente do recurso), por rexistro*, á Sección de Servizos Sociais da Deputación Provincial da Coruña, no prazo de cinco días naturais, contados dende o primeiro día efectivo do ingreso.

2º Recibido o expediente na sección de Servizos Sociais, o persoal administrativo abrirá o expediente e remitirallo ao persoal técnico que o revisará, informará e rexistrará a usuaria no Programa provincial de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero.

3º O persoal técnico do programa, porase en contacto telefónico co recurso de acollida no prazo de 10 días para facer seguimento do ingreso da usuaria e persoas que dela dependan e completar algún dato básico do expediente, de ser o caso.

4º O Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, no prazo de 15 días desde o ingreso, emitirá unha comunicación escrita ao concello derivante, e remitirá copia ao recurso de acollemento, para dar a coñecer o convenio de colaboración entre a Deputación e o concello titular do recurso.

5º Trimestralmente no caso das Casas de acollida e, semestralmente no caso das Vivendas tuteladas e Pisos de inclusión á vida autónoma, o persoal técnico convocará por correo electrónico ao persoal dos recursos a unha reunión de seguimento de casos para cotexar datos e estudar obxectivos e resultados acadados do proxecto persoal de cada muller e persoas das que dela dependan. (Ver proxecto de seguimento de casos)

B) TRAMITACIÓN PRÓRROGA

Unha vez finalizado o tempo de permanencia inicial de 3 meses, no caso das Casas de acollida e, de 6 meses no caso da Vivenda tutelada e dos pisos de inclusión, baixo petición motivada poderase tramitar unha prórroga por un período igual que o de permanencia inicial.

Para tramitar a prórroga levaranse a cabo os seguintes pasos:

1º A Dirección do recurso de acollida da usuaria, enviaralle á Deputación a comunicación da prórroga segundo o modelo facilitado no anexo I, asinada pola Dirección do centro e pola muller solicitante, no prazo de cinco días naturais, contados dende o primeiro día efectivo da prórroga.

2º O persoal técnico do programa, recibida a comunicación de prórroga, informará e rexistrará a prórroga.

3º O Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes comunicará ao persoal do recurso e ao concello derivante a concesión de prórroga.

C) TRAMITACIÓN DE BAIXA

Para tramitar a baixa no recurso, por traslado ou derivación a outro recurso seguirase o protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero, da Xunta de Galicia, así como o mesmo procedemento que para o ingreso.

No caso da necesidade de tramitar a baixa no recurso, por incumprimento dos requisitos, por incumprimento do regulamento interno do recurso, por finalización do período máximo da permanencia, ou por vontade propia, seguirase o seguinte procedemento:

1º A Dirección do recurso, enviará á Deputación a comunicación de baixa no modelo facilitado no anexo I. Esta remitirase no prazo de cinco días naturais, contados dende a data da baixa efectiva.

2º Recibido o expediente na sección de Servizos Sociais, o persoal técnico revisará o expediente e rexistrará a baixa da usuaria no programa provincial de mantemento de recursos de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero.

3º O persoal técnico do programa porase en contacto telefónico co persoal do recurso de acollida no prazo de 5 días para facer, seguimento da baixa da usuaria e persoas que dela dependan e emitirá un informe social de resultados (Ver proxecto de seguimento de casos)

4º O Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, no prazo de 10 días desde a baixa, emitirá unha comunicación escrita ao concello derivante para dar a coñecer a baixa da usuaria con cargo ao convenio de colaboración entre a Deputación e o concello titular do recurso.

COMPROMISOS DAS PARTES

Compromisos da usuaria.

- Participar no programa provincial aceptando os requisitos establecidos no convenio.
- Aceptar as condicións que sinala o Regulamento de réxime interno (R.R.I) do recurso no que reside.
- Participar de xeito activo no seu proceso de recuperación individual a nivel físico, psíquico e de participación social durante o tempo que resida no recurso.
- Confirmar de forma expresa a súa conformidade asinando o ingreso, a prórroga e a baixa no recurso.

Compromisos dos recursos: Casas de Acolida, Vivenda Tutelada ou Pisos de Inclusión e Transición á Vida Autónoma (PITVA,S).

- Valorar a idoneidade das usuarias, e persoas que delas dependan, do recurso.
- Valorar as condicións de ingreso en cada recurso, tanto de acceso como de permanencia, ou a necesidade de prórroga de acordo cos seus regulamentos internos e a normativa da Xunta ou lexislación vixente.
- Comunicar o ingreso, prórroga e baixa no prazo e forma establecidas no programa provincial á Deputación.
- Cumprir a normativa que afecte aos seus equipamentos nos termos e condicións que o requiran.
- Cumprir coas condicións de difusión e publicidade do programa.
- Asistir ás reunións de seguimento de casos e á comisión de seguimento do convenio, así como a calquera outra reunión de coordinación ou de avaliación de resultados ás que sexan convocadas pola Deputación.

Compromisos do concello de procedencia da usuaria.

- Cumprir os requisitos necesarios para o funcionamento do programa segundo o establecido no protocolo de acceso á rede galega da Xunta.
- Realizar o seguimento e coordinación correspondentes coa Dirección do recurso solicitado e coa Deputación. Colaborar no desenvolvemento do proxecto de traballo individual de cada muller acollida.
- Asistir ás reunións de seguimento de casos, así como a calquera outra reunión de coordinación ou de avaliación de resultados ás que sexan convocados pola Deputación.

Compromisos da Deputación provincial:

- Velar polo cumprimento das condicións do convenio.
- Cooperar na coordinación das entidades que interveñen no convenio a nivel administrativo e técnico.
- Convocar o seguimento dos casos segundo o establecido no programa.
- Realizar o seguimento e coordinación correspondentes coa Dirección do recurso e co concello de procedencia promovendo o desenvolvemento do proxecto de traballo individual de cada muller acollida.
- Estudar, valorar, propoñer, rexistrar e comunicar as solicitudes recibidas.

- Convocar reunións de coordinación e avaliación de resultados.
- Abonar o importe correspondente segundo o convenio.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

Recursos humanos

O persoal técnico adscrito ao programa provincial consta de:

- Xefa do servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
- Xefa de sección Servizos Sociais
- Técnica de Igualdade e Políticas públicas
- Técnica de Servizos Sociais
- Xefe de Negociado Administrativo
- Administrativa

PLAN DE DIFUSIÓN

O plan de difusión no marco do programa artículase en diferentes eixes:

Eixe 1- Difusión da colaboración entre a Deputación provincial e os recursos de acollida da provincia.

- Convocarase coa renovación do convenio (cuatrianualmente) unha reunión cos concellos da provincia para dar a coñecer o programa provincial e as súas características.
- Remitirase en cada ingreso, tal e como recolle o procedemento, unha comunicación dando a coñecer o contido do convenio e características do programa.

Eixe 2- Difusión da colaboración entre a Deputación provincial e os recursos de acollida da provincia nos propios recursos e coas usuarias

- Deberá existir no recurso de acollida algunha referencia visible, no taboleiro de anuncios ou onde consideren oportuno, da colaboración da Deputación e do marco do programa provincial. Para tal efecto se facilitará unha imaxe do programa e os logos institucionais que sexan necesarios.
- Informarase ás usuarias e persoas que delas dependan acollidas no recurso que a praza que ocupan é a cargo da Deputación.
- Deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña, na realización de actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet.

PLAN DE AVALIACIÓN

O plan de avaliación consistirá nunha avaliación inicial, continua e final do programa.

A avaliación inicial levarase a cabo a través de reunións e visita aos recursos ao inicio da vixencia do convenio. A avaliación continua, será de carácter cualitativo a través de informes, reunións, estudo de casos, etc. e farase ao longo do programa. A avaliación final, será anual e cuatrianual e empregaranse múltiples fontes de datos a nivel cualitativo e cuantitativo.

Aspectos principais para avaliar:

- o O gasto económico de mantemento do recurso.
- o Ocupación dos recursos de acollida en xeral, e en especial das prazas reservadas a cargo do convenio
- o O grao de consecucións de obxectivos no proxecto de recuperación integral das mulleres e persoas que delas dependan.
- o O papel da Deputación como axente coordinador do programa provincial de apoio á rede de acollemento.
- o O proceso de implementación e cumprimento do procedemento do programa.
- o O proceso de coordinación interinstitucional, entre a Rede Galega de Acollemento, Centro de Recuperación Integral, concellos e entidades derivantes a través do cumprimento do Protocolo de acceso á Rede Galega de acollemento e do procedemento do programa provincial.
- o Canles de coordinación

Indicadores avaliativos:

- o Nº de mulleres atendidas
- o Tempo de estadía nos recursos
- o Punto de abandono do recurso
- o Causas de abandono do recurso
- o Grao de cumprimento dos obxectivos do proxecto de recuperación persoal
- o Porcentaxe de reincidencia no recurso
- o Grao de satisfacción coa atención recibida
- o Grao de cumprimento do procedemento
- o Nº de reunións cos recursos
- o Nº de reunións cos concellos
- o Nº de comunicacións de coordinación
- o Nº de reunións de seguimento de casos
- o Nº de reunións da comisión de seguimento
- o Grao de coñecemento por parte dos concellos de procedencia do programa provincial
- o Grao de coñecemento por parte das usuarias do programa provincial
- o Grao de satisfacción do persoal dos recursos co programa provincial